

NOVAS DE ENSINO



Do 21 ao 28 de novembro

2016

CSI-F
Estamos **X**ti



Orgulhoso
de
ser docente



NOVAS DE ENSINO



Do 21 ao 28 de novembro de 2016

ÍNDICE:

1. PRESTACIÓN POR MATERNIDADE EXENTA DO IRPF
2. RELACIÓN DOS BENEFICIARIOS DAS BOLSAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE ARQUIVOS
3. LISTAXE PROVISIONAL DA BOLSA DE PROFESORES ESPECIALISTAS PARA O CICLO SUPERIOR DE MANTEMENTO AEROMECÁNICO
4. PUBLICACIÓN DAS PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS E EXCLUÍDOS DEFINITIVOS VARIAS ESPECIALIDADES
5. PROGRAMAS DE MOBILIDADE CON PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS
6. PREMIOS FIN DE CARREIRA
7. FORMACIÓN
8. PROFESORES VISITANTES EN ESTADOS UNIDOS, CANADÁ E REINO UNIDO
9. BOLSA DE TRABALLO OUTRAS COMUNIDADES
10. BOLSA BRITISH MUSEUM

NOVAS DE ENSINO



Do 21 ao 28 de novembro de 2016

1. PRESTACIÓN POR MATERNIDADE EXENTA DO IRPF



SENTENCIA DO TSX DE MADRID DECLARA A PRESTACIÓN POR MATERNIDADE EXENTA DO IRPF

Resumen da Sentencia

A [STX Madrid 810/2016, de 6 de xullo \(Recurso 697/2014\)](#), declara a prestación por maternidade exenta do IRPF, en contra do criterio da Axencia de Tributaria que entende que esta prestación debe tributar como un rendemento do traballo.

Neste sentido o parágrafo terceiro do art. 7.h) da Lei do IRPF (introducido pola Lei 35/2006) establece "*Igualmente estarán exentas las demás prestaciones públicas por nacimiento, parto o adopción múltiple, adopción, hijos a cargo y orfandad*". Sinalando a Sentencia, que en consecuencia, a prestación por maternidade

abonada pola Seguridade Social está exenta de tributación, e procede a devolución das cantidades correspondentes por este concepto.

Prazo para reclamar.

O prazo de prescrición é de 4 anos, é dicir, se se inician os trámites no 2016, pódense reclamar as liquidacións de 2012 en adiante.

Como reclamar

Para poder reclamar a devolución do tributado pola prestación de maternidade é necesario esgotar a vía administrativa, e posteriormente, presentar demanda ante o Tribunal competente.

Ademais de reclamarse as cantidades correspondentes ao permiso por maternidade, poderían reclamarse aquelas relativas ás prestacións do permiso por paternidade, xa que teñen a mesma consideración, así como aquelas outras incluídas no referido artigo.

Prestacións de maternidade futuras ; débense declarar na próxima declaración da renda?

A recomendación que facemos desde CSI-F é seguir o criterio da Axencia Tributaria e declaralo como renda do traballo, e posteriormente realizar a reclamación da devolución (dado que senón a Axencia Tributaria podería impoñer unha sanción por non declaralo). De todos os xeitos, nos próximos meses é posible que a Axencia se manifeste respecto desta cuestión xudicial.

Para calquera dúbida ou reclamación contacten coas nosa asesoría xurídica.

NOVAS DE ENSINO



Do 21 ao 28 de novembro de 2016

2. RELACIÓN DOS BENEFICIARIOS DAS BOLSAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE ARQUIVOS



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
RESOLUCIÓN DO 3 DE NOVEMBRO DE 2016 POLA QUE SE PROCEDE Á PUBLICACIÓN DA RELACIÓN DOS BENEFICIARIOS E O IMPORTE DAS BOLSAS CONCEDIDAS EN VIRTUDE DA ORDE DO 15 DE MARZO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DE BOLSAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE ARQUIVOS E SE CONVOCAN AS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA 2016.

En cumprimento do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 8 da Orde do 15 de marzo de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras de bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao programa 2016, procédese á publicación dos adxudicatarios e o importe das bolsas.

Obxecto da axuda: as bolsas irán destinadas a actividades de formación relacionadas cos procesos técnicos que se realizan no ámbito dos arquivos e os seus fondos documentais.

Os bolseiros realizarán a súa actividade nos arquivos a que sexan destinados e nos servizos centrais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e serán tutelados, coordinados e dirixidos polos seus servizos técnicos de arquivos.

As bolsas terán unha duración de seis meses (6) contados a partir da data de incorporación que estableza a Secretaría Xeral de Cultura de acordo co centro de destino.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir da data de notificación desta aos interesados ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a data de notificación.

[Para máis información preme aquí:](#)

3. LISTAXE PROVISIONAL DA BOLSA DE PROFESORES ESPECIALISTAS PARA O CICLO SUPERIOR DE MANTEMENTO AEROMECÁNICO



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Listaxe provisional da bolsa de profesores especialistas para o Ciclo Superior de Mantemento Aeromecánico do CIFP As Mercedes

Lista provisional da convocatoria dunha bolsa de profesores especialistas para o ciclo formativo de grao superior de Mantemento Aeromecánico a impartir no CIFP As Mercedes de Lugo

Poderanse presentar reclamacións contra esta lista no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 21 ao 28 de novembro de 2016

4. PUBLICACIÓN DAS PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS E EXCLUÍDOS DEFINITIVOS VARIAS ESPECIALIDADES



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PUBLICACIÓN DAS PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS E EXCLUÍDOS DEFINITIVOS NAS ESPECIALIDADES DE ACORDEÓN, CLAVE, INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR (GAITA), INSTRUMENTOS DE CORDA PULSADA DO RENACEMENTO E DO BARROCO, ÓRGANO E DIRECCIÓN DE ORQUESTRA.

Anuncio do 22 de novembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos definitivos, do corpo de profesores de música e artes escénicas, nas especialidades de acordeón (594401), clave (594405), instrumentos da música tradicional e popular (gaita) (594413), instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco (594417), órgano (594420) e dirección de orquestra (594421), (Diario Oficial de Galicia do 5 de outubro).

[Para máis información preme aquí:](#)

5. PROGRAMAS DE MOBILIDADE CON PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE DO 11 DE NOVEMBRO DE 2016 POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RESOLUCIÓN DA ORDE DE CONVOCATORIA DE BOLSAS DESTINADAS AO ESTUDANTADO UNIVERSITARIO QUE PARTICIPA EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE CON PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS NO CURSO 2016/17.

Mediante a Orde do 6 de xullo de 2016 (DOG do 26 de xullo) establecéronse as bases reguladoras e convocáronse as bolsas destinadas ao alumnado das universidades do Sistema universitario de Galicia que participan en programas de mobilidade con países extracomunitarios no curso 2016/17.

De acordo co establecido no artigo 8 das bases da convocatoria, desde o día 27 de setembro ao 7 de outubro de 2016 expuxéronse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas por documentación, e durante ese mesmo prazo os/as interesados/as puideron formular reclamacións ou emendar erros e falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades.

Transcorrido este prazo, as solicitudes admitidas foron estudadas pola comisión avaliadora nomeada na propia orde de convocatoria.

Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei de 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 21 ao 28 de novembro de 2016

6. PREMIOS FIN DE CARREIRA



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE DO 11 DE NOVEMBRO DE 2016 POLA QUE SE RESOLVE A CONCESIÓN DE PREMIOS FIN DE CARREIRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ALUMNADO QUE REMATOU OS SEUS ESTUDOS UNIVERSITARIOS NO ANO 2015 NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.

A Orde do 28 de xuño de 2016, DOG do 22 de xullo de 2016, establecía as bases reguladoras e convocaba os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os estudos universitarios no ano 2015 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 7 das bases da convocatoria, desde o 15 ao 26 de setembro de 2016 expuxéronse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas por documentación. Durante ese prazo os/as interesados/as podían formular reclamacións ou emendar erros e a falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades.

Rematado este prazo, as solicitudes admitidas foron estudadas pola comisión avaliadora nomeada na propia orde de convocatoria.

Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

[Para máis información preme aquí:](#)

7. FORMACIÓN



CURSOS VÁLIDOS PARA OPOSICIÓN

CURSOS HOMOLOGADOS UNIVERSIDADE

CSI-F ofrécete unha nova oferta en cursos homologados on-line, dirixidos a opositores, funcionarios e interinos docentes, cos que podes completar a túa formación docente.

Cursos HOMOLOGADOS cunha duración de 101 horas e de 31 horas.

NOVAS DE ENSINO



Do 21 ao 28 de novembro de 2016

CURSOS DIRIXIDOS A TODOS OS NIVEIS EDUCATIVOS.

Completamente on-line. 24 horas, 7 días á semana.

Materiais actualizados.

Avaliación aplicada á práctica docente.

Relación directa cos titores.

Duración dos cursos adaptada á normativa das distintas Comunidades Autónomas.



Certificación en 30 días.

VÁLIDOS E PUNTUABLES como mérito en listas de interinos, bolsas de traballo e oposicións das distintas Comunidades Autónomas (segundo convocatoria de cada CC.AA., baseado en apartado III Outros Méritos do Anexo I do R.D. 276/2007).

CONVOCATORIAS MENSUAIS

Accede a toda a **INFORMACIÓN** sobre as convocatorias

8. PROFESORES VISITANTES EN ESTADOS UNIDOS, CANADÁ E REINO UNIDO



MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

RESOLUCIÓN DE 15 DE NOVIEMBRE DE 2016, DE LA SECRETARÍA DE ESTADO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y UNIVERSIDADES, POR LA QUE SE CONVOCAN PLAZAS PARA PROFESORES VISITANTES EN CENTROS EDUCATIVOS DE ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA, CANADÁ Y REINO UNIDO PARA EL CURSO ACADÉMICO 2017-2018.

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Beneficiarios: Docentes españoles con el título de Maestro, Graduado o Licenciado, en diversas áreas o materias.

Finalidad: Impartir enseñanzas en español en Programas de enseñanza bilingüe y de inmersión lingüística, español como lengua extranjera, u otras áreas o materias en centros educativos de Estados Unidos, Canadá o Reino Unido.

Plazo de presentación de solicitudes: Del 24 de noviembre al 13 de diciembre de 2016, ambos inclusive.

Para máis información preme aquí:

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 21 ao 28 de novembro de 2016

9. BOLSA DE TRABAJO OUTRAS COMUNIDADES




BOLSA DE TRABAJO RIOXA

Procesos de Gestión Administrativa

Convocatoria

Resolución del Director General de Educación por la que se aprueba convocatoria extraordinaria para seleccionar aspirantes a desempeñar puestos docentes en régimen de interinidad correspondientes al cuerpo de

Profesores Técnicos de Formación Profesional: Procesos de Gestión Administrativa. (24/11/2016)

- **Baremo**
- **Presentación electrónica** 
- **Plazo de presentación de solicitudes:** De las **00.00 horas del 25 de noviembre a las 23.59 horas del 12 de diciembre.**
- **Plazo de presentación de documentación justificativa de requisitos y méritos:** 5 días hábiles a contar desde el día siguiente al de publicación.

[Para más información preme aquí:](#)

10. BOLSA BRITISH MUSEUM

DÚAS BOLSAS DO BRITISH MUSEUM PARA ESTUDANTES INTERNACIONAIS

Dúas bolsas do British Museum para estudantes internacionais

ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE: British Museum

DESTINATARIOS: Para estudantes de calquera nacionalidade


DATA LÍMITE: 19/12/2016

MÁIS INFORMACIÓN

O obxectivo é promover a educación mediante o estudo de debuxos, gravados e a súa historia. A duración de cada bolsa é de tres meses durante 2017. O valor de cada bolsa é de 4.500

[Para más información preme aquí:](#)

DEFENDENDO O PÚBLICO



NOVAS DE ENSINO

ENLACES DE INTERESE:

[CSIF Nacional Enseñanza](#)

[CSIF Galicia Ensino](#)

[Blog Ensino Pontevedra](#)

[Herald Toupeiras](#)

